

OS DÍAS QUE VIRÁN

Carlos Marques-Marcet, 2019

554

ESTREA EN NUMAX: 25.07.2019 | V.O.S.E. | +12

Els dies que vindran (2019, 94')

Dirección: Carlos Marques-Marcet

Guión: Coral Cruz, Clara Roquet, Carlos Marques-Marcet

Elenco: David Verdaguer, Maria Rodríguez Soto, Albert Prat, Sergi Torrecilla

Son: Borja Barrena, Diego Casares, Jonathan Darch, Edgar Vidal, Kiku Vidal, Dani Zacarías

Vestuario: Vinyet Escobar

Montaxe: Óscar de Gispert, Carlos Marques-Marcet, Juliana Montañés, Ana Pfaff

Música: Maria Arnal

Fotografía: Alex García

Produtora: Lastor Media, Avalon, ICAA, Movistar+, TVC (España)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Catalán

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2019 (Mellor Filme, Dirección e Actriz), Rotterdam 2019 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA

Tierra firme, 2017
10.000 Km, 2014

SINOPSE

Vir (30) e Lluís (32) hai só un ano que saen xuntos, cando descubren que están embarazados. Durante 9 meses seguiremos a aventura desta parella barcelonesa e o enorme xiro que dará a súa vida, os seus medos, ledicias, as súas expectativas e as realidades que, durante ese tempo medran ante eles, tentando aprender a ser tres cando aínda non aprenderan a ser dous.

«Unha visión profunda, íntima e naturalista do dano que pode facer o embarazo a unha relación. Trata a complexidade das emocións con moita delicadeza e compaixón»

Jonathan Holland,
THE HOLLYWOOD REPORTER



“O cinema é a arte do outro”

Entrevista con Carlos Marques-Marcet
Por Enric Albero

A nivel visual, unha das primeiras cousas que sorprende, se cadra por oposición aos seus traballos anteriores, é o uso da cámara en man. Que motivou esa decisión?

A cámara en man dáme un pouco de medo porque pode ser un recurso para rodar moito, desde onde queres, con rapidez e sen pensar demasiado en temas de composición. De feito, na miña vida só fixera un plano usando a cámara en man e non me decidín por ela ata que sentín que tiña que ser así. Tomei esa decisión por dúas cuestións, porque sentía a necesidade de estar moi preto dos personaxes e porque tiñamos que crear unha sensación de intimidade. Tratamos de estar á beira dos actores, pero sen molestalos, polo que Álex García (director de fotografía) utilizou unha cámara que, polo seu tamaño, permitíanos facer un movemento de rotación sobre os actores e xogar coa idea de revelación, de ver todas as caras dos personaxes.

Por que se optou por ficcionalizar un feito real -o embarazo da actriz María Rodríguez- en lugar de, simplemente, documental? En ocasións, cando tentas atacar a realidade directamente hai un problema: sempre estás a presentar unha

parte de ti moi determinada, preocupaste por como queres que iso sexa visto. Para min, hai unha cuestión ética detrás. Nun documental no que toman parte actores non profesionais poida que esas persoas non teñan conciencia do que están a facer nin do que están a dar, mentres que neste caso os actores asumen toda esa carga. A formulación era, precisamente, utilizar a ficción non para esconderse senón para espirarse. Para min, o cinema é a arte do outro. Cando escribes, escribes só, contigo mesmo, pero cando filmas, filmas algo ou alguén; para min é unha arte que te obriga a poñerte no lugar do outro e iso tamén vale para os actores que tiñan que crear unha nova intimidade que lograrse traspasar a pantalla.

O vídeo doméstico que rexistra o nacemento da propia María Rodríguez incluíuse na película desde o principio?

Non. Xurdiu nunha fase avanzada do proxecto. María (Rodríguez) faloume da existencia dese vídeo, vino xunto aos actores e a emoción foi tal que decidimos utilizalo, en principio como separador, ata que vimos que resultaba algo formulario. Foi aí cando optamos por gravar a María véndoo e foi revelador. Rodamos unha única toma de 53 minutos e obtivemos un material tan potente que nos obrigou a repensar como utilizalo. A chegada de Ana Pfaff (editora) axudou a darlle máis organicidade ao conxunto e a introdución dos pais de María achegou especificidade e permitiu trazar paralelismos que non estaban. Ademais, iso profundaba na liña de traballo inicial que consistía en rodar na nosa contorna, no noso barrio, nas nosas casas e co noso grupo de amigos.

Houbo moito traballo de ensaios ou foi cuestión de xogar coa improvisación?

Partimos da base de que os actores coñecen moi ben aos personaxes porque, en parte, son eles mesmos. Todas as escenas están rodadas a partir de improvisacións, aínda que houbera un texto de partida. De feito, eu tento que os actores aprendan os textos de maneira neutra para despois poder xogar con eles e mesmo darlles a volta. Tratábase, en realidade, de ensaiar gravando. Tivemos dous meses de preparación antes de comezar, pero despois, no set, xogouse moito coa improvisación; así saíu, por exemplo, a secuencia do predictor.

O filme sinala, de maneira sutil, toda unha serie de problemáticas xurdidas por mor dunha maternidade que se aparta un tanto dos canons tradicionais?

O fundamental era non xulgar os personaxes e para iso había que equilibrar as tensións que ían xurdindo: que as simpatías estivesen repartidas, que a cuestión procedimental -o embarazo- e a ficción foran xuntas e que a cuestión política tamén estivese presente. Queríamos tratar temas concretos; moitos deles caeron na montaxe, pero é evidente que cando vemos as decisións que toman os personaxes ou o que lles sucede -pensemos no ámbito laboral- comprendemos que o sistema non contempla un gran número de supostos que se apartan do convencional.

Publicado na revista Caimán, xuño 2019
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?

